

## RESOLUCIÓN REITORAL DE 6 DE XULLO DE 2020 SOBRE A CELEBRACIÓN DE CONCURSOS DE PROFESORADO PENDENTES NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Á vista das medidas sinaladas no Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, en particular, o seu artigo 9.2º que, no que atinxe aos centros docentes, establece que “en cualquier caso, deberá asegurarse la adopción de las medidas organizativas que resulten necesarias para evitar aglomeraciones y garantizar que se mantenga una distancia de seguridad de, al menos, 1,5 metros. Cuando no sea posible mantener dicha distancia de seguridad, se observarán las medidas de higiene adecuadas para prevenir los riesgos de contagio”.

Á vista do contido do artigo 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público, que indica que “Todos los órganos colegiados se podrán constituir, convocar, celebrar sus sesiones, adoptar acuerdos y remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, salvo que su reglamento interno recoja expresa y excepcionalmente lo contrario. En las sesiones que celebren los órganos colegiados a distancia, sus miembros podrán encontrarse en distintos lugares siempre y cuando se asegure por medios electrónicos, considerándose también tales los telefónicos, y audiovisuales, la identidad de los miembros o personas que los suplan, el contenido de sus manifestaciones, el momento en que éstas se producen, así como la interactividad e intercomunicación entre ellos en tiempo real y la disponibilidad de los medios durante la sesión. Entre otros, se considerarán incluidos entre los medios electrónicos válidos, el correo electrónico, las audioconferencias y las videoconferencias.”

Á vista da modificación acordada no Consello de Goberno do día 1 de xullo de 2020 na normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e dos procedimentos de selección de profesorado doutor con vinculación permanente na Universidade de Vigo, incluíndo o parágrafo séptimo no seu artigo terceiro, segundo o cal, o concepto de “dependencias” incluirá tanto as físicas como as virtuais xestionadas pola Universidade de Vigo, resultando ambas elixibles como lugar de celebración dos concursos, e o concepto de “entrega” incluirá a aportación da documentación en soporte tanto material como electrónico, así como por calquera medio telemático institucional que garanta a súa efectiva e inmediata posta a disposición das persoas destinatarias.

Á vista de que a modificación na normativa sinalada estableceu unha disposición transitoria, de xeito que o disposto no parágrafo séptimo do punto terceiro aplicarase aos concursos que, convocados antes da entrada en vigor da dita norma, estiveran áinda pendentes de celebración en tal momento.

Á vista das Resolucións Reitorais, de 3 de marzo de 2020 (BOE do 16), por las que se convocan concursos públicos de acceso a plazas de cuerpos docentes universitarios (CU1901 e TU1901), e a Resolución Reitoral, de 3 de marzo de 2020 (DOG do 16), pola que se convoca concurso público de acceso a prazas de corpos docentes universitarios (CD1901)

Esta Reitoría

R E S O L V E

**Primeiro.-** que os concursos recollidos nas Resolucións Reitorais de 3 de marzo do 2020 (BOE do 16 e DOG do 16) poderán celebrarse, segundo o que dispoña a presidencia da correspondente comisión, de xeito totalmente presencial, totalmente virtual, ou nunha modalidade mixta, con participantes presentes fisicamente e outros a través de medios telemáticos remotos, sempre

---

garantindo o cumprimento do indicado pola normativa da Universidade de Vigo así como pola propia convocatoria na súa adaptación ás modalidades non exclusivamente presenciais.

**Segundo.-** que, no entanto o disposto no punto anterior, as persoas concursantes así como os membros das comisións de acceso que pertenzan á Universidade de Vigo nos ditos concursos deberán acudir e estar presentes na dependencia física da Universidade de Vigo que sinale a presidencia da comisión ao longo de todo o acto de presentación e de celebración da proba correspondente, agás situación excepcional relacionada coa situación de emergencia sanitaria, que deberá xustificarse e indicarse no expediente pola secretaría da comisión.

**Terceiro.-** que, no caso disposto no punto anterior, a dependencia física sinalada deberá reunir as condicións necesarias para manter a distancia mínimas entre persoas e demais medidas de seguridade e hixiene ditadas polas autoridades competentes e vixentes no momento de celebración das probas. A dirección ou decanato do centro correspondente será a responsable do cumprimento destas medidas, para o que terá que ser informada da celebración das probas con antelación suficiente.

**Cuarto.-** Nos casos en que o acto de presentación e/ou a celebración das probas non se realicen de xeito totalmente presencial, consideraranse como medios electrónicos validos o correo electrónico institucional para o intercambio e entrega de documentación, e o sistema "Campus Remoto" da Universidade de Vigo para a celebración das sesións. No seu defecto, tamén se poderán utilizar outros medios que posibiliten unha adecuada interacción síncrona entre os membros da comisión de acceso e entre estes e as persoas concursantes.

**Quinto.-** Tanto na convocatoria do acto de presentación como da proba correspondente a comisión deberá indicar a modalidade de celebración dos mesmos, así como o mecanismo elixido para a entrega da documentación correspondente por parte das persoas candidatas. Ademais, dado o carácter público de ambos actos, no caso de utilizarse medios electrónicos deberá indicar a sala virtual onde se celebrará, detallando o procedemento de acceso para o seu seguimento non presencial por parte das persoas interesadas en asistir.

**Sexto.-** De conformidade coa Resolución de 5 de marzo de 2020 (DOG do 12), da Universidade de Vigo, relativa á declaración de días inhábiles a efectos de cómputo de prazos nos procedementos administrativos, do 5 ao 19 de agosto de 2020, ambos incluídos, a tramitación administrativa que deba realizarse en prazos regulados en procedementos que se xestionen internamente nesta universidade quedará interrompida no seu cómputo, tanto aos efectos de solicitudes entre órganos como de tramitación, resolución e notificación entre estes, reiniciándose dito cómputo ao finalizar o mesmo, sen que isto poida vulnerar os dereitos dos interesados. Por tal motivo, as comisións de acceso, excepto no período anterior, poderán actuar durante o mes de agosto para celebrar sesións tales como o acto de constitución, o acto de presentación das persoas concursantes, así como, de ser o caso, a celebración das propias probas do concurso selectivo.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.*

*As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

O Reitor